

## Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

### C -. PLAN EXPERIMENTAL DE EMPREGO PARA INMIGRANTES

O Plan Experimental de Inmigrantes e un instrumento útil para favorecer a incorporación ao mercado de traballo das persoas inmigrantes residentes na nosa vila, mediante a realización de accións tales como:


- Planificación e programación de itinerarios profesionais de inserción, que permitan o acceso da poboación inmigrante ao mercado laboral,
- Realización de itinerarios formativos persoalizados,
- Formación en competencias laborais que se axusten ás necesidades do mercado de traballo na nosa vila.
- Realización de accións formativas en zonas nas que se detecte un número elevado de poboación inmigrante, con necesidades formativas provenientes tanto da oferta como da demanda.



A nosa experiencia en programas anteriores pon de manifesto a importancia da súa execución, posto que neste intre, o grao de inserción laboral dos participantes do Plan Experimental de Empleo para Inmigrantes do ano 2010 alcanza o 16%.

## Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

### Insercións Directas Plan Experimental de Inmigrantes



Fonte: Base de Datos Porremprego.

## PLAN EXPERIMENTAL DE EMPREGO PARA INMIGRANTES

### OBXECTIVOS

Mellorar a ocupabilidade das persoas inmigrantes desempregadas, que disporán dun itinerario persoalizado de inserción e formación.

### CARACTERÍSTICAS XERAIS

Este programa parte dun estudio pormenorizado da poboación inmigrante do Porriño e a súa integración laboral, realizado dende a Concellaría de Empleo. A partir do mesmo establece, por unha banda os perfís dos posibles usuarios do programa, e por outra, as empresas coas que se quere constituir unha rede estable

## Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

	<p>para o emprego. Unha vez iniciado o traballo directo cos participantes seleccionados, realizase a diagnose de ocupabilidade e posteriormente o deseño de itinerarios persoalizados de inserción. O mesmo tempo dende a área de desenvolvemento empresarial realizase o contacto directo coas empresas, para detectar as súas necesidades de persoal.</p>
<b>DESTINATARIOS</b>	<p>30 persoas inmigrantes previamente inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, que presenten dificultades de inserción.</p>
<b>FORMA DE ACCESO</b>	<p>Previa inscrición no Servizo Público de Emprego.</p>
<b>EQUIPO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Técnicos en Orientación Laboral.</li> <li>· Axente de Desenvolvemento Empresarial.</li> </ul>
<b>FINANZAMENTO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Concello do Porriño.</li> <li>- Xunta de Galicia.</li> <li>- Fondo Social Europeo.</li> </ul>